

1. PRESENTACIÓN DO PROXECTO

MARCO TEÓRICO

A elaboración deste proxecto responde ao acollido na Orde do 7 de marzo de 2013 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento das direccións dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.

A finalidade do proxecto é a de continuar co traballo que iniciamos todos os membros do equipo directivo ao longo do presente curso escolar, así como mellorar todos aqueles aspectos que se poden corrixir, matizar ou cambiar totalmente de ser o caso.

Todos os obxectivos, liñas de actuación e de avaliación amosadas neste plan son susceptibles de cambio, pois preténdese que estea aberto a toda a comunidade educativa e a calquera idea, opinión ou valoración que se poida facer, tal e como ven establecido no apartado que trata a avaliación.

Por outra banda, cabe destacar que todas as ideas que aquí se presentan están relacionadas co contexto socio-cultural e económico do alumnado do centro, pois penso que é máis importante esbozar ideas concretas que elaborar un proxecto xeral e teórico, aínda que este se apoie na lexislación vixente.

CONTEXTO

A situación do IES de Fene sufriu diversas modificacións ao longo da súa andadura; despois de fusións e separacións, cando o curso 10/11 remataba, o IES de Fene e o CIFP de Fene fusionáronse nun só centro, feito que xa tivera lugar anos antes, e deu lugar a un novo centro que centraliza toda unha serie de ensinanzas tanto obrigatorias como postobrigatorias e de Formación Profesional. Ademais de contar con Educación para Adultos e PCPIs.

O que nun principio pode supoñer un centro con certa complexidade organizativa, en realidade convérteo nun instituto cun amplo abano de posibilidades e de oferta educativa que supón unha ferramenta importante no contexto no que nos atopamos. Pretendemos que o IES de Fene sexa un centro de referencia, especialmente no ensino postobrigatorio, non só no concello de Fene senón tamén nos concellos do arredor: Ares, Mugardos, Cabanas, Pontedeume, Neda , Ferrol, Narón... A existencia de rutas de transporte facilita o acceso ao

centro do alumnado e a variedade formativa permite dar a coñecer un centro que pode integrar diferentes etapas educativas.

A oferta educativa feita polo IES de Fene ven recollida do seguinte xeito:

- Contamos cunha liña por curso da **ESO**, aínda que en 3º, debido ao elevado número de alumnos, pódense realizar desdobres nas materias que as disponibilidades horarias do profesorado o permiten. Tamén hai dous grupos de Diversificación curricular, en 3º e 4º de ESO. O que nos permite contar con medidas de atención á diversidade e ofrecer unha atención individualizada, outra das bazas importantes coas que conta o noso centro.

Cabe destacar que é posible que o vindeiro curso contemos con dúas liñas en 1º de ESO, pois a demanda de matrícula é previsible que sexa superior a outros anos.

- No **Bacharelato** ofértanse dúas modalidades, por unha banda, o de ciencias e tecnoloxía e, pola outra, o de humanidades e ciencias sociais.

Actualmente contamos con dous grupos de 1º curso de bacharelato, un de ciencias, máis numeroso, e outro de humanidades. Esta situación é a mesma que en 2º curso, onde existen outros dous grupos, o de ciencias e o de humanidades. Realízanse desdobres no bacharelato de ciencias nas áreas comúns de 1º e 2º nas que existe dispoñibilidade horaria: Lingua Galega, Lingua Inglesa, Historia da Filosofía, Educación Física e Ciencias da Terra e Medioambientais e tamén nalgunha materias propias de modalidade ou optativas que contan cun elevado número de alumnos como, por exemplo, Matemáticas I, Física e Química e Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

- **Formación profesional.**

Impártense no centro catro ciclos formativos de grao medio en réxime ordinario e un en réxime de adultos:

- CM de soldadura e caldeiraría.
- CM de instalacións frigoríficas.
- CM de instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e conducción de liñas (en réxime ordinario)
- CM de instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e conducción de liñas (módulos de técnicas de mecanizado, montaxe e mantemento eléctrico e

- automatismos eléctricos, hidráulicos e neumáticos en réxime de adultos)
- CM de electromecánica de vehículos automóbiles.
- **A Educación Secundaria para Adultos**, con un grupo para o nivel I e outro para o nivel II.
- **PCPI de 2º ano**, destinado a aqueles alumnos/as que cursaron un PCPI o curso anterior para ofrecerlles a posibilidade de obter o título de Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria.
- E completan a oferta formativa os tres **PCPIs** que se ofertan dende o centro, os de modalidade A (Fontanaría, climatización e calefacción doméstica e o de Fabricación mecánica) e un de modalidade C (Limpeza de edificios)

Aínda que os colexios que teñamos adscritos sexan dous, os CEIP “Os Casais” e “O Ramo” para a ESO, ao que engadimos o CPI da Xunqueira e o Colexio Jorge Juan para o Bacharelato, a oferta educativa que se presenta é ampla e moita xente da contorna opta por este centro, debido a este motivo e pola posibilidade de continuar estudos cara un ciclo formativo.

Este é un dos motivos principais que deben rexer, non só un proxecto de dirección, senón tamén o proxecto do claustro de profesores/as, para continuar garantindo este programa aos futuros/as alumnos/as. E para logralo, o proxecto baséase nunha serie de obxectivos e liñas de actuación que se van desenvolver a continuación.

2. OBXECTIVOS.

- Fomentar os beneficios positivos da educación e a necesidade de acadar o título de ESO, e continuar a súa formación cara o Bacharelato ou a FP.
- Difundir a nosa oferta educativa, ben a través das charlas xa impartidas pola nosa orientadora, como a través dos medios locais ou comarcais. Debemos destacar tamén as actividades que se levan a cabo no noso centro para que se teña constancia do que se pode facer.
- Dispoñer de mecanismos que traten de evitar o abandono escolar, un dos temas máis recorrentes hoxe en día.
- En caso de risco de abandono inmediato, tentar que o alumnado se incorpore a un PCPI e obteña unha certificación que o poida introducir no mundo laboral.
- Formar aos nosos/as alumnos/as dende a responsabilidade e preparalos para a vida activa no caso de que decidan incorporarse ao mundo laboral unha vez rematados os estudos no centro. Cabe destacar que o noso centro conta con Ciclos Formativos e implica que o alumnado que acaba a educación obrigatoria, podería incorporarse a un dos ciclos que o centro oferta, se lle interesan.
- Concienciar ao alumnado da importancia do traballo diario, pois os que continúan a súa formación no Bacharelato, soen presentar problemas cando o nivel de traballo aumenta considerablemente.
- Ampliar os programas de reforzo para aquel alumnado con necesidades educativas específicas. Ou simplemente continuar ofrecendo a posibilidade de reforzar materias as tardes dos luns ou os mércores, como xa se está a facer coa materia de inglés durante este curso; un día á semana, un profesor ofrece a posibilidade de reforzar a materia en horas non lectivas.
- Solicitar novamente os **Contratos Programa** (anteriormente coñecido como **Plan Proa**) para que se poidan beneficiar do mesmo aqueles/as alumnos e alumnas que necesitan unha atención máis específica e que poidan acadar certa autonomía académica, en consonancia co obxectivo anterior. Este programa xa se levou a cabo no centro durante varios anos, e actualmente, aínda que non contamos coa subvención da consellería, porque non o solicitamos para o actual curso, a profesora de música continúa cunha actividade xa iniciada hai uns anos reforzando a educación musical a través dun grupo. Todas as tardes dos luns, aproveitando o transporte escolar de ciclos, os/as alumnos/as veñen pola tarde ao centro e ensaian coa profesora. Estas

medidas non só reforzan e amplían os coñecementos da aula, senón que ofrecen unha oferta extraescolar para aquel alumnado interesado na mesma.

- Colaborar co Concello nos programas sociais e de fomento da cultura xa ofertados este curso académico.
- Continuar co **Proxecto Abalar**, mantendo as instalacións xa establecidas en primeiro e segundo de ESO, e consolidar un mini-proxecto levado a cabo a nivel interno, concretamente en 4º de ESO, en relación ás TICs. Para este grupo mercáronse unhas tablets que permitan o fomento das novas tecnoloxías, tal e como require o currículo, aínda que quedan aspectos por resolver, como a súa conexión a Internet de xeito áxil para poder traballar con elas con soltura na aula. Pois un obxectivo claro é o de fomentar o uso das tic, pois o centro nestes últimos anos, fixo unha inversión importante para favorecer a ensinanza con novos medios informáticos e audiovisuais. É preciso manter e conservar todo o material informático e audiovisual co que contamos, pero tamén ir dotando pouco a pouco ás diferentes aulas dos medios precisos para traballar con comodidade. Neste sentido, durante o último ano, ademais das tablets antes mencionadas, adquiríronse varios proxectores que resultaban necesarios en varias aulas. Cabe destacar que se fixo a un prezo moi económico grazas á busca exhaustiva de ofertas que realizou a Secretaria.
- Neste momento hai necesidade de mercar catro ordenadores fixos para renovar unha das aulas de informática, e tamén se está buscando unha boa oferta de portátiles para os proxectores que acabamos de citar e que están recén instalados no centro; incluso pensamos na posibilidade de ter algún de reserva para o momento en que se necesite reparar algún dos equipos.
- E relación co anterior formar ao alumnado para que adquira unha preparación básica que lle permita empregar as tecnoloxías da información de xeito adecuado. Un dos retos ao que nos debemos enfrontar como profesores/as: educar no emprego responsable dos medios cos que contamos e axudar a filtrar a información relevante e sería.
- Elaborar o **Plan Lector** para levar a cabo de forma oficial todas as iniciativas que xa se están a realizar e ampliar as mesmas todo o posible nos diferentes niveis e etapas educativas, pois cabe recordar que o fomento da lectura en todas as materias é unha das premisas da lei de educación. Para levalo a cabo é preciso colaborar activamente co equipo da Biblioteca do centro.

- Directamente relacionado co anterior, cabe destacar a necesidade de poñer en funcionamento a Biblioteca Técnica que poida contar con recursos para todo o alumnado de FP.
- Renovar o **Proxecto Lingüístico** atendendo á lexislación do Decreto de Plurilingüismo, para establecer criterios fixos en relación a todas as etapas académicas, pois actualmente non contamos con un criterio fixo en relación ás materias que se imparten en galego e castelán.
- Renovar os documentos do centro para que se recollan no Proxecto Educativo do mesmo dado que o centro acolle, tal como se dixo antes, unha fusión de dous centros diferentes e, polo tanto, as ensinanzas impartidas no mesmo incrementáronse, polo que tanto o currículo coma o proxecto educativo están forzados a modificarse. E relacionado con estes, hai que adecuar as normas que han de rexer a nosa convivencia (NOF), que, de non aprobarse no presente curso, haberá que fácelo no vindeiro sen falta.
- En relación ao Proxecto Educativo, o centro incorporouse neste curso ao Proxecto Combas, que pretende traballar a avaliación a través das competencias básicas e, polo tanto, vai permitir a modificación ou matización de determinados aspectos curriculares, tanto no documento xeral como nas programacións de departamento.
- Colaborar co **Equipo de Dinamización da Lingua Galega**, pois ademais de realizar toda unha serie de actividades que fomentan o emprego da lingua galega, é o encargado de realizar a revista do centro, onde se amosan todas as actividades levadas a cabo durante o curso académico ademais de contar coa colaboración do alumnado e de parte do profesorado. Esta revista véndese a un prezo simbólico, e a recadación da mesma é doada a unha entidade sen ánimo de lucro, nos últimos anos foi a Cociña Económica a receptora dos beneficios.
- Esbozar, coa colaboración do profesorado de FP, un proxecto encamiñado á creación dun viveiro de empresas, para fomentar a busca de traballo ou as saídas laborais do alumnado dos ciclos e de PCPI, e presentarlle a idea á consellería para poder financiarlo co programa FP PLUS, iniciado antes da fusión)
- Colaborar e reforzar todas as medidas que o coordinador/a da FCT impulsen, para garantir a formación en empresas de todo aquel alumnado que supere os módulos dos ciclos e teña que incorporarse ás prácticas en empresas.

- Optimizar a participación dos diferentes departamentos didácticos nos Proxectos Interdisciplinares, para convertelos nun instrumento de colaboración e de integración de aprendizaxes, dentro do marco das competencias básicas.
- Directamente relacionado co anterior, cabe destacar a medida que propuxo un compañeiro do centro en relación á creación dun invernadoiro onde poida traballar o alumnado, a través do proxecto interdisciplinar, ou ben contando coa voluntariedade do resto. Do mesmo xeito, a colaboración da Vicedirección e doutros profesores/as é imprescindible para levar a cabo esta medida. Esta é unha iniciativa que xa está en funcionamento, mais aínda queda traballo por realizar para que vaia tomando forma.
- Fomentar e continuar coa actividade levada a cabo durante anos polo profesorado do centro que se centraba no medio ambiente, Axenda 21. A pesar de non estar oficialmente no programa, profesores e profesoras do centro continúan a levar a cabo tarefas de coidado da nosa contorna. Haberá que fomentar e consolidar os hábitos de limpeza e de aforro enerxético e de todo tipo de recursos que supoñan a protección medioambiental.
- Buscar novos métodos de aforro enerxético, dado que a factura da luz subiu considerablemente nos últimos meses debido ao incremento das tarifas. Poderíanse valorar a instalación de sensores que acendan e apaguen as luces segundo a presenza ou ausencia de xente.
- Buscar tamén medidas de aforro de calefacción, pois é outro dos gastos importantes ao longo do curso. Xa contamos nunha parte do centro coa sectorización da mesma, pero poderíase continuar a realizar no outro edificio, para evitar o gasto innecesario en lugares que non están ocupados habitualmente, quentando simplemente aquelas zonas máis empregadas. Para elo contamos co asesoramento dun profesor de FP.
- Continuar a desenvolver protocolos de actuación para realizar a reciclaxe de todos aqueles elementos contaminantes, tanto do centro en xeral, como dos talleres en particular, que, debido ás súas actividades e á variedade de residuos que xeran, requiren medidas máis concretas para realizar a citada reciclaxe. Poderíase ubicar un punto limpo dentro do centro para clasificar o lixo e os residuos que se vaian producindo no centro en xeral.
- Adaptar a programación de Actividades Extraescolares e complementarias á realidade do centro a ás necesidades e intereses de alumnado e profesorado, de xeito que as saídas, celebracións e actividades se convertan nun mecanismo educativo ao que

todos lle atopemos sentido e do que se poidan extraer beneficios palpables. E, de igual xeito que ocorre cos proxectos interdisciplinares, sería interesante a nivel organizativo intentar combinar saídas de polo menos dúas materias para aproveitar o carácter educativo deste tipo de actividades e comprometer o menos posible o funcionamento normal do centro.

- Fomentar todas aquelas iniciativas de carácter académico e apoialas, na medida do posible naquelo que requiran. Recordemos que este curso houbo alumnos/as que participaron no Parlamento Europeo, por exemplo.
- En relación a estas iniciativas que promoven o debate e a autonomía á hora de traballar, poderíanse estender ao ámbito comarcal e colaborar con outros centros da zona para realizar actividades que fomenten a adquisición de habilidades que vaian máis alá dos propios contidos e da aula.
- Continuar coas actividades levadas a cabo pola Vicedirección nos últimos anos para os períodos de lecer, tal e como sucede coas “liguillas” que fomentan o deporte. Unha das medidas que tamén se pretende levar a cabo é a de recuperar os xogos tradicionais, pois aínda que non deu tempo a desenvolvela neste curso, xa se desenvolveron algúns deles no magosto realizado no centro.
- Crear a aula de convivencia dentro das posibilidades do centro, tal e como establece a lei. A verdade é que neste centro non contamos con graves situacións de convivencia, afortunadamente; os conflitos adoitan ser puntuais mais a existencia dun protocolo que garanta o funcionamento correcto do centro permitiría contar con mecanismos de actuación inmediata ante unha situación de conflito ou de alteración da normalidade nas aulas e no centro en xeral.
- Potenciar a educación en valores, no respecto e na tolerancia. Incidir na importancia da igualdade entre homes e mulleres tal e como se recolle na lei 7/2004 do 16 de xullo.
- Involucrar ás familias nos proxectos do centro, aínda que nalgunhas das iniciativas xa forman parte, por exemplo a que leva a cabo a coordinadora da Biblioteca co Club de lectura de pais e nais. Mais este debe ser o punto de partida de outras iniciativas.
- Reparar o tellado do centro para evitar as goteiras que se están a producir. Aínda que este é un dos males menores dadas as condicións nas que se atopa. Mais, despois de solicitar varios presupostos, e dada a envergadura da obra que habería que realizar;

enviarase un informe da situación á Unidade Técnica para que valore os riscos e determine a quen corresponde o amaño do mesmo, se ao centro ou á consellería.

- En relación ao plan de autoprotección, iniciado no presente curso, habería que revisar que todas as medidas estean en perfecto estado e hai que cambiar a instalación contraincendios, pois a día de hoxe, atópase nunha situación pouco operativa ou non útil en caso de incendio. Practicamente está elaborado o mesmo, e estamos á espera de poder realizar o simulacro de incendio que nos permita detectar todas as carencias que existan, e instalar todas as medidas necesarias para cumprir ca normativa vixente.
- Solventar todas as medidas que garantan a seguridade, no centro, e particularmente nos talleres, que dadas as súas actividades, precisan de medidas máis concretas.
- En xeral, manter e continuar con todos aqueles programas nos que xa participa o centro e non foron mencionados, pero que xa están plenamente consolidados: Proxectos Europeos, Seccións Bilingües, PLAMBE, Club de lectura, Voz Natura, Grupos de traballo, Seminarios, ...
- Colaborar en xeral con todo o profesorado e proporcionar as condicións adecuadas para que se poida atender a todos os plans e proxectos de maneira adecuada.

Estas son os obxectivos determinados neste proxecto, mais non se pretende que se converta nun apartado pechado, senón que estea aberto a toda a comunidade educativa, dependendo das necesidades que se vaian xerando.

3. LIÑAS DE ACTUACIÓN.

Continuar coa mellora da calidade do ensino:

Dentro deste apartado quero facer unha clara diferenciación entre as medidas internas tomadas a través da organización entre o claustro de profesores/as, e aquelas externas ao propio centro, que dependen de programas e plans convocados pola propia consellería.

Por unha banda, no centro atopamos diferenzas considerables entre o os dous primeiros cursos da ESO e os dous últimos, pois a partir do 3º curso existe una diversificación no tipo de ensinanza impartida, atendendo ás condicións particulares do alumnado e as súas necesidades. Parte do alumnado abandona (sucede con todos/as aqueles/as que xa cumpriron os 16 anos), parte decide cursar un PCPI, programa que lles favorece a entrada no mundo laboral, e, a diferenza dos programas de garantía social, permítelles o acceso a un segundo curso, que no caso de ser superado, outorgaríalles o título de graduado en ESO. E, por último, outra pequena parte, ingresa nun programa de diversificación curricular. Estas son as medidas básicas que se levan a cabo dende o centro, para lograr que a maior parte do alumnado do mesmo, remate a formación académica obrigatoria e obteña o título.

De todos xeitos, non só contamos con oferta educativa en PCPI, senón tamén en Educación para Adultos, o que completa a oferta formativa que podemos ofrecer para a consecución do título de Educación Secundaria Obrigatoria.

E unido ao anterior, o feito de contar con oferta educativa de Ciclos Formativos, completa un programa de titulacións no centro que pode resultar de interese para o alumnado da contorna.

- Por unha banda, o vindeiro curso é posible que contemos con dous grupos de 1º ESO. A idea fundamental, atendendo, non só as necesidades do alumnado, senón as demandas do claustro, é a de fomentar unha educación individualizada, e o número de alumnado nos dous posibles grupos favorecerá este tipo de atención. Deste xeito poderíanse reforzar os conceptos e contidos básicos, para que todo o alumnado se atope en igualdade de condicións para obter o título.
- Directamente relacionado con isto, as medidas tomadas para reforzar e apoiar ao alumnado van encamiñadas a evitar o abandono escolar. Dado que sempre pode existir un número de alumnos/as do centro que presente necesidades educativas

específicas, un dos obxectivos básicos do proxecto é o de reorganizar os grupos, de tal modo que, dependendo das posibilidades horarias do profesorado, nos permita realizar diferentes agrupamentos nas materias instrumentais fundamentalmente (Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas)

- No resto dos niveis, onde por ratio non correspondan dous grupos oficiais, ante as dispoñibilidades do centro e do profesorado, poderase continuar con desdobres en determinadas materias, tal e como se leva facendo en algúns grupos en matemáticas, física e química, filosofía, inglés, lingua castelá, lingua galega,... Esta medida permite atender máis individualizadamente ao alumnado ademais de reforzar os contidos básicos e as destrezas necesarias para afianzar a lectura comprensiva ou o razoamento lóxico (isto último céntrase fundamentalmente nas instrumentais, pero, de non acadar estas destrezas, o resto das materias vense afectadas e o seu rendemento, en consecuencia, é moito máis baixo do que cabería esperar)
- O feito de existir unha sección bilingüe permítenos contar cun/cunha auxiliar de conversa, que favorece a expresión oral en inglés, e aprender noutro idioma unha materia distinta ao estudo das linguas estranxeiras.
- Na etapa de Bacharelato, continuar ofrecendo a optatividade coa que contamos actualmente para atender a todas as demandas posibles.
- Nos casos do alumnado que non precisen necesidades educativas específicas poderíamos fomentar a filosofía da aprendizaxe a través da investigación, seguindo o espírito das competencias básicas, que debe saber desenvolver o alumnado que obtén o título de graduado en educación secundaria. O traballo por proxectos pode ser unha iniciativa interesante para fomentar a investigación e a autonomía á hora de aprender.
- En relación ao anterior, o traballo das competencias básicas debe ser un obxectivo prioritario pois coa implantación da avaliación das mesmas, podemos comprobar cales son as carencias do noso alumnado e como debemos traballar para mellorar os resultados. En relación a isto, a participación no **Proxecto Combas** permitirá ofrecer formación ao profesorado para actuar adecuadamente.
- Cando sexa inevitable, pois o/a alumno/a non quere continuar estudando, e temos esgotados todos os recursos para evitar a súa saída do mundo académico, contamos con PCPI (Programa de cualificación profesional inicial) de modalidade A e C mixta, pois as prácticas de este último non se realizan no propio centro, senón en empresas

relacionadas laboralmente coa modalidade de programa escollida. Manter dito programa é imprescindible por varias razóns:

- Evitamos que o alumno/a que non quere continuar estudando, abandone todo e non obteña nin sequera a certificación correspondente que lle proporciona a superación dun PCPI.
- Fomentamos a introdución no mundo laboral do alumnado que non obtivo o graduado. De feito, algúns dos nosos/as alumnos/as de anos anteriores conservan un emprego naquelas empresas onde realizaron as prácticas, pois na maior parte dos casos, ser un “mal” estudante non implica ser un mal traballador.
- A introdución no mundo laboral dos nosos alumnos/as é imprescindible, pois non existen moitas empresas que ofrezan emprego e moito menos sen estudos, así que as actitudes no traballo e a relación cos compañeiros/as en distintos órganos do ámbito laboral que un alumno poida manter ou amosar durante as prácticas, pode determinar en certas situacións a súa entrada no mundo laboral ou ben quedar en situación de reserva á espera dun posto na empresa. Isto mesmo ocorre nos ciclos de FP.
- Por outra banda, tal e como xa se teñen dado casos anteriormente, algúns/algunhas dos/as alumnos/as do programa, adquiren ao longo do curso do mesmo certa madurez, e isto unido ao descubrimento das esixencias e responsabilidades que un traballo implica, condúceos a continuar realizando o segundo curso de PCPI, e a superación do mesmo, implica a obtención do graduado, o que supón unha diferenza positiva en relación aos antigos programas de garantía social.
- Durante a realización dos módulos obrigatorios do primeiro ano, dende o centro debemos preparar, á vez que fomentar, a necesidade de realizar o exame de acceso a ciclos medios unha vez que acaden a idade requirida, pois a concienciación da importancia de continuar formándose debe ser unha constante en todos os cursos, e, en concreto neste tipo de programas. De feito, un dos PCPI que se oferta no centro é o de fabricación mecánica, e a superación do mesmo, e, despois da obtención do graduado, ou ben superadas as probas de acceso, poderían conducirlos a incorporarse nun ciclo de soldadura, tamén ofertado no centro.

- A través do traballo conxunto con entidades e algúns axentes sociais como pode ser o concello ou algunha asociación de empresarios da zona, por exemplo, poderíanse realizar cursos ou charlas fora do horario lectivo, que promovan a iniciativa laboral dos alumnos que, aínda que non queren continuar estudando, teñen capacidades suficientes para crear a súa propia empresa con un pouco de axuda ou de consellos de xente experta no tema.
- A continuidade e o desenvolvemento dos programas de diversificación curricular, tamén son imprescindibles nun centro coma este, pois é unha nova forma de atender a aquel alumnado que presenta necesidades educativas específicas e moitas ganas de traballar. A superación do mesmo, de dous anos, tal e como se ven desenvolvendo en cursos anteriores, permite que, agás en contadas excepcións, o alumnado titule e poida continuar os seus estudos a través dun ciclo formativo de grao medio.
- En definitiva, os programas de reforzo deben ser imprescindibles no primeiro ciclo pois é onde se atopa o maior risco de abandono. Unha vez que se chega a 3º o alumnado adoita ser máis maduro, e está máis centrado no que quere facer, por iso debemos reforzar o apoio nos primeiros cursos e evitar, na medida do posible o abandono prematuro.
- Dotar ás aulas de todos os medios necesarios para traballar de maneira cómoda. De feito, despois de instalar os proxectores comprados no último ano, estase a facer unha lista dos ordenadores que se precisan para que cada aula con proxector, conte con un equipo que funcione correctamente. A idea de todo isto é sacarlle o máximo partido aos recursos cos que xa contamos e rentabilizalos para que os gastos de compra se limiten ao imprescindible e tendo en conta sempre que exista unha boa relación calidade-prezo dentro das nosas posibilidades.
- Fomentar a interrelación entre o alumnado do centro para que comprobén as diferentes etapas educativas e assimilar que unha oferta académica non ten que excluír outras.
- Continuar coas saídas á universidade para aquel alumnado que desexe continuar os estudos por esta vía.
- Ofrecer información, a través de profesores/as doutros centros que expliquen outros ciclos formativos, tanto de grao medio coma superior.
- Contactar cos responsables do viveiro de empresas do Rodolfo Ucha para que poidan asesorar sobre esta iniciativa que demanda o profesorado de Formación Profesional.

- Colaborar con todos os departamentos para solucionar as necesidades máis urxentes dos mesmos; neste sentido débese traballar para solucionar os problemas máis urxentes dos talleres. Actualmente contamos con algunha obra que se terá que realizar de inmediato pois afecta ao desenvolvemento das prácticas nos talleres.

Unha das medidas que xa está en funcionamento, pero que precisará tempo, é a creación, dende a dirección dun informe para enviarlle á consellería, sobre os problemas cos que nos atopamos, coma o arranxo do tellado, que supón un custo importante, para solicitar axuda económica e que subvencione o arranxo das instalacións en peor estado. No mesmo informe tamén se incluírán as peticións xa feitas por parte do profesorado en relación ao arranxo de máquinas que necesitan algunha reparación e está aberto a todo o profesorado e ás necesidades que poidan ter para o desempeño do seu traballo.

- Reubicación de espazos nos talleres para que se traballe con máis comodidade, atendendo ás peticións feitas polo profesorado interesado neste tema.
- Organizar un préstamo de libros a través de alumnado doutros cursos ou antigos alumnos, que cedan, provisional ou definitivamente, os seus libros, para evitar un gasto ás familias.
- Dado que a construción do pavillón é un tema difícil dada a situación na que nos atopamos, hai que organizar os espazos destinados a impartir educación física, e acondicionalos para garantir unhas mínimas condicións. Neste curso dotouse de auga quente un dos ximnacios e mercáronse canastras para a pista deportiva. Está en trámites a elaboración dunhas porterías, grazas ao departamento de soldadura, e esperamos que o vindeiro ano se poida ir acondicionando as instalacións do outro ximnasio co que contamos.
- Solicitar ao Concello que adecúe e manteña a pista de atletismo anexa ao centro e colaborar con el para que se poida aproveitar este recurso para as clases de Educación Física.
- Colaborar e apoiar o programa de radio que están a deseñar dende o equipo da Biblioteca, para poñela en funcionamento durante os períodos de lecer.
- Incentivar as actividades académicas externas ao centro, que poidan supoñer un reforzo positivo no noso alumnado en xeral. De feito, a partir do Parlamento Xove o centro entrou en contacto con un grupo de alumnos/as de unha profesora de Moaña e con outro grupo pertencente ao IES Saturnino Montojo, e, despois da participación no

citado programa, preténdese repetir a experiencia de debater en público, pero esta vez ante o resto dos alumnos/as dos centros participantes, e cada IES visitar os dos demais. A relación entre centros constitúe unha parte importante tamén da formación do noso alumnado.

- Unha medida que se solicitaría serían os **Contratos Programas**, antes coñecidos como **Plan PROA**. A concesión do citado plan para o noso centro sería moi beneficiosa, pois este baséase nun programa de reforzo para o alumnado da ESO que o requira, algúns dos alumnos/as superarían certas carencias, e isto axudaría á superación de aquelas materias que máis dificultades presentan. Mais non é a única vía aberta para este tipo de programas, pois tamén se pode favorecer a mellora da convivencia escolar pero tamén contempla a posibilidade de mellora para acadar a excelencia académica. E isto último é importante, porque tamén atende a unha educación para a atención á diversidade. Estamos tan acostumados a pensar que os problemas son maiores en relación ao alumnado que presenta carencias ou amosa pouco interese, que non se contan con medidas para favorecer a aqueles rapaces e rapazas que teñen actitudes, aptitudes e capacidades por encima da media. E atendelos/as supón tamén atender á diversidade; temos que reforzar a aqueles que o necesitan, tanto se se trata de alumnado que presenta carencias, como aqueles/as que necesitan reforzar á alza os contidos da propia programación curricular.
- Outra das medidas coas que se pensa continuar é o **Proxecto Abalar**. En relación a este punto, hai que destacar que parte importante do profesorado aumentou o emprego dos ordenadores e das tic dentro da súa materia e da súa programación.
- O fomento da Biblioteca e a aprobación do **Proxecto Lector** é outro punto imprescindible neste centro. De feito tal e como explica o Real Decreto 1631/2006, a comprensión lectora é un dos obxectivos básicos da ESO e debe ser traballada en todas as materias. Isto é bastante importante, pois por todos é sabido que aquel alumno/a que non comprende o que le, non poderá estudar de xeito significativo. A biblioteca debe ser un aula común para todos/as onde se poida tratar a materia específica en relación coa lectura.
- Por outra banda, a maior parte do alumnado non posúe un hábitos lectores e isto pode ser considerado outro dos motivos do fracaso escolar. En relación ao comentado, o equipo da biblioteca crea actividades diversas para fomentar a colaboración e a implicación dos rapaces/rapazas, e nesta liña hai que continuar traballando. Máis a

dirección debe colaborar coa biblioteca e axudarlles a dinamizar todas as súas actividades, fomentando a súa importancia entre todos os membros da comunidade educativa.

- Modificar o espazo que está destinado á **biblioteca técnica**; tal como se comentou anteriormente, proporcionarlle fondos relacionados cos ciclos impartidos no centro e modificar a distribución do lugar separando a parte de consulta a través dos ordenadores, e outro apartado para o estudo ou a lectura, pois aínda que o espazo é reducido, sería posible outra distribución que favorecese o aquí explicado.
- Favorecer un espazo de estudo e de consulta para o alumnado que está polas tardes no centro poida aproveitar os recursos cos que contamos.
- Favorecer a implicación en distintos programas do centro, do alumnado de ESA, que debido ao seu horario resulta máis complicado introducilo nas actividades habituais do IES.
- Creación da aula de convivencia ou polo menos dun protocolo de actuación nos casos en que esta se vexa afectada no día a día do centro, ben sexa por expulsión das aulas ou pola existencia de algún alumno/a que continuamente amosa condutas disruptivas na aula ou nunha clase determinada. A finalidade deste protocolo é o de garantir o normal funcionamento do centro e solucionar calquera posible conflito no momento en que este se produza ou inmediatamente despois.
- Relacionado co anterior poderíamos establecer un método abreviado e sinxelo de transmisión de partes de incidencias para que tanto o/a titor/a como a xefatura de estudos poidan ter constancia directa do incidente e actuar en consecuencia dende o principio.
- Colaborar e continuar coa implicación de os pais/nais dentro da vida do centro; impulsar a súa participación no instituto e colaborar con todos/as profesores/as pois a interacción resultaría tremendamente positiva para todos/as. Contamos con dúas **ANPAS**, e o presidente de unha delas tamén forma parte do Consello Escolar e xunto con outros/as representantes, poden colaborar activamente na vida do centro e na toma de decisións que lles afecten aos seus/súas fillos/as.
- O contacto coas familias debe continuar como ata agora; en primeira instancia co titor/a e co resto do profesorado a través dos primeiros. Así como non debe faltar as comunicacións por escrito en relación ás faltas de asistencia ou de conduta.

- En relación aos pais/nais, queremos continuar coas iniciativas que xa se están levando a cabo no centro, como a reunión de inicio de curso, para ter un contacto inicial ou a realización dunha xornada de portas abertas para o alumnado de nova incorporación. Do mesmo xeito, poderían participar en todas aquelas actividades realizadas con carácter extraordinario e nas celebracións e conmemoracións que potencie o centro.
- Colaborar con todos os medios de comunicación da comarca. De feito, o centro colabora coa radio de Fene, onde participa e ofrece información sobre os proxectos que se levan a cabo no centro, tal como ocorreu este ano coas mobilidades derivadas de Proxectos Europeos. Do mesmo xeito que os xornais, tamén se amosan interesados en varias ocasións polas actividades impulsadas ou realizadas.
- O curso pasado un dos medios locais, “A gaceta de Fene” púxose en contacto con uns/unhas alumnos/as que participaron nun programa para que relatasen a súa experiencia, así que esta pode ser un medio para que o alumnado de a coñecer todas aquelas actividades que exceden o puramente académico na aula.
- Cabe destacar que dado que contamos con ciclos de FP, o feito de colaborar cos medios de comunicación resulta positivo para que as empresas da zona coñezan o tipo de iniciativas que se levan a cabo nas ensinanzas profesionais do centro.
- Colaboración co Concello en todas as iniciativas que promovan en relación ao noso alumnado. E, por suposto, que o Concello continúe participando como ata agora en determinados actos da vida do centro.

Medidas para a convivencia.

- Reunións do observatorio da convivencia: este é un elemento bastante importante dentro da organización do centro e debe considerarse o promotor das reformas do NOF do noso centro atendendo ás novas necesidades do mesmo. Para iso, debe formar parte activa dentro da comunidade escolar, colaborar con todas as partes en conflito e promover todo tipo de medidas que conduzan a mellorar a convivencia e o entendemento entre todos/as. Cabe destacar que durante o curso académico actual, a pesar de abrirse nove expedientes disciplinarios, a convivencia resultou positiva, pois os conflitos estaban practicamente centralizados nun grupo determinado. De todos xeitos, para evitar novamente esta situación, dada a experiencia deste ano, o protocolo

que regule a convivencia no centro, debería ser debatido neste foro, para estar abertos a medidas que se acollan desde distintas perspectivas, non só dende o profesorado.

- Durante o presente curso académico contamos novamente coas charlas integradas no Plan Director para a **Convivencia e Mellora da Seguridade Escolar** e tiveron, teñen e terán lugar unha serie de charlas sobre problemáticas varias (drogas e alcohol, riscos de internet, acoso escolar e violencia de xénero) que correron a cargo da Garda Civil.
- Aínda que estas charlas están encamiñadas a previr determinadas situacións de risco nos/as adolescentes, e, polo tanto, eles/as son os principais protagonistas das mesmas, poderíamos estender as mesmas aos pais/nais, pois tamén é importante coñecer os riscos que poden condicionar a vida dos nosos/as fillos/as, e informarnos sobre estes e ver que medidas poderíamos adoptar en caso de necesidade.

De entre todos os temas sobre os que se podería potenciar unha campaña de sensibilización destacarei aqueles que considero prioritarios.

Por unha banda incido no tema do **alcohol**: a sensibilización dos problemas que pode carrexar o consumo de alcohol en exceso e a idades temperás é un dos problemas que máis preocupantes parecen. Non podemos quedar en simples campañas informativas, temos que tratar o tema desde distintas perspectivas, é dicir, podemos dar os datos de mortes, accidentes, ... en xeral problemas legais e persoais que xera o alcohol, buscando incluso testemuñas que non teñan problema algún en relatarnos as súas experiencias.

Relacionado co anterior está o tema da **droga**, pois toda a información que lle proporcionemos aos nosos/as alumnos/as é positiva; a idea non é ocultarlles a realidade, senón ensinalles como é o mundo e amosarlles os recursos necesarios para sobrevivir nel.

En terceiro lugar, destacamos o tema da **igualdade de homes e mulleres**, pois a tradición implica a crenza de que existen grandes diferenzas entre ambos. E este é un tópico que hai que desterrar pois promove toda unha serie de conflitos, difíciles de erradicar. É inevitable tratar este tema con sumo coidado, pois case todas as situacións que soen derivar en condutas machistas non son asumidas como tal polos seus protagonistas, é dicir, que se toma como normal un comportamento que non debería de selo. E neste tema hai que traballar bastante para acadar a igualdade tal e como a establece a **Lei 7/2004 do 16 de xullo** onde se establecen e regulan os principios

básicos para a educación na igualdade e nos seus artigos 9 e 10 alude directamente ás medidas que teñen relación co sistema educativo.

De todos xeitos, cóstanos que no centro non se promoven condutas que favorezan o machismo nin a misoxinia, e non se admiten desigualdades entre alumnos e alumnas en relación a unha distribución de papeis diferenciada para cada sexo, nin tampouco se fomenta a idea de que un xénero é mellor ou máis dominante que o outro.

Celebracións como o “Día da muller traballadora”, o que denuncia a violencia de xénero, ou as lecturas de relatos feitos por mulleres son iniciativas que contribúen a unha educación para a igualdade e o respecto entre os dous sexos, pero sabemos que non pode quedar nun feito illado e puntual, por iso nas aulas continuamos a traballar todos estes aspectos e valores de igualdade a través dos debates, da posta en escena de determinadas situacións ou da manifestación de posturas críticas en relación a temas de actualidade neste tema.

De feito, o centro traballa, a nivel xeral, e contribúe a iniciativas que fomenten o respecto e a educación para a igualdade entre homes e mulleres. Este curso contamos con obradoiros que educaban nestes valores básicos e que foron ofrecidos por persoas que viviron en primeira persoa actitudes machistas e de maltrato; como xa comentamos anteriormente, as experiencias persoais son as que máis impacto teñen sobre o alumnado. Por outra banda, trabállase nas aulas a educación para a igualdade, ademais de analizar o papel da muller ao longo da historia, tal e como contempla a lei enriba citada. Incluso, no noso centro, que oferta ciclos de FP tradicionalmente enfocados ao xénero masculino, conta con alumnado feminino en Soldadura e en Transporte e Mantemento de Vehículos, e, aínda que son unha minoría, de momento, a presenza das alumnas nesta etapa formativa supón unha convivencia que transcorre con naturalidade. Feito positivo, que abre portas a outras rapazas e matricularse en ensinanzas consideradas propias do xénero masculino. Do mesmo xeito ocorre no nos PCPI de Limpeza de edificios, onde contamos con unha cota bastante representativa de alumnado masculino nunha actividade tradicionalmente enfocada ás mulleres.

A contribución dos pais e nais neste punto tamén pode resultar importante; poderíase traballar conxuntamente dende o Concello, as casas e o centro, a través de obradoiros ou actividades que eduquen neste apartado.

Noutra orde de cousas, e relacionado directamente coa convivencia, é importante destacar a existencia de condutas inapropiadas do alumnado que amosa escaso interese nos estudos. Aínda que deste tema xa se falou en apartados anteriores, resulta imprescindible abordalo novamente aquí.

O problema de algúns/algúñas alumnos/as de hoxe en día é que non lle dan importancia a unha boa formación pois non atopan beneficio algún nela, ou simplemente non son capaces de seguir o programa do curso no que se atopan porque presentan carencias ou lagoas que lles impiden desenvolverse na aula; este é quizá un problema para o que teremos que pensar posibles solucións ou medidas contempladas dentro do Plan de Convivencia.

En definitiva, a colaboración de todos os axentes posibles na convivencia do centro resulta imprescindible. Podemos comentar a axuda que a Policía Local nos ofreceu para controlar as entradas e saídas do centro e evitar así situacións problemáticas.

Ademais, a labor dos pais e nais, proporcionando axuda, ideas ou plantexando iniciativas que melloren ou manteñan o bo clima no centro considérase de vital importancia tamén, entre outros motivos, por un fundamentalmente, porque os seus/súas fillos/as son os/as nosos/as alumnos/as e o seu comportamento depende do conxunto de accións familiares, sociais e educativas. Por iso temos que enfocar as normas na mesma dirección e as aportacións que fagan os pais/nais son importantes para nós. Debemos destacar a presenza e colaboración do concello para mellorar as relacións sociais entre o alumnado ademais de ofrecer obradoiros de hábitos saudables, para fomentar un estilo de vida que contribúa ao seu desenvolvemento como persoas maduras e responsables.

Propostas de mellora dos diferentes plans.

Outro dos obxectivos é conseguir, paulatina e progresivamente a renovación dos plans do centro que pouco o pouco van quedando obsoletos, debido ao tempo que hai que foron creados, aos cambios ocorridos no centro, ademais de que o alumnado co que contamos actualmente cambiou substancialmente en determinados aspectos. A revisión de toda esta documentación resulta necesaria para dar resposta a todas as necesidades que se nos poidan presentar.

Resultaría bastante ambicioso renovar todos os plans nun ano, polo tanto a idea e ir reformulando pouco a pouco cada un dos proxectos ao longo dos catro anos, e isto deberíase

facer a través do consenso e do compromiso do profesorado e os membros do consello escolar, órgano máximo de goberno dentro do centro, sen embargo, a modificación dos mesmos podería ser elaborada por grupos de traballo, e elevada aos distintos órganos de goberno, que á súa vez, poderían matizar, engadir ou comentar as directrices dos mesmos.

Como son varias as propostas de cambio que se formulan, habería que facer unha reflexión inicial sobre cales son os máis urxentes a tratar ou renovar. Para iso debemos organizarnos primeiramente e tratar o tema en CCP e Claustro, atendendo a todas as demandas que se poidan presentar dos citados órganos e comezar o traballo dende os puntos que a maioría demanda cambiar.

En definitiva, o que se pretende con todo isto é responder burocraticamente pero de xeito personalizado ás necesidades do centro e da comunidade educativa. É dicir, que os plans, proxectos e programacións varios non deben quedar como un mero trámite senón que deben dar resposta directa a calquera situación que se poida presentar.

NOF (Normas de Organización e Funcionamento)

Debido, fundamentalmente, ao cambio ou á variedade de alumnado que xurdiu ao fusionar ambos centros habería que introducir cambios nos antigos RRI (Regulamento de Réxime Interno) e crear o novo documento que responda a todos os sectores da comunidade educativa:

- Se se crea un aula de convivencia o NOF debe recoller a normativa que regule o uso da mesma.
- Introducir a normativa que regule o emprego dos equipos de Abalar e de todas aquelas aulas que conteñan material, ben sexa de tipo audiovisual, informático ou de talleres ou aulas específicas, pois nos últimos meses contamos con varios problemas que ocasionaron roturas ou destrozos que impedían o normal funcionamento das aulas. É necesario conservar os medios que temos e tentar sacarlles o máximo partido, e para iso precisamos tanto da boa actitude do alumnado, como das intervencións que debemos realizar nas aulas como profesores/as.
- As faltas do alumnado deberían concretarse un pouco máis en relación á gravidade, é dicir, a partir da lexislación distinguimos entre faltas contrarias á norma e as gravemente prexudiciais, pero dentro das primeiras poderíamos establecer unha gradación das mesmas dado que moitas veces as faltas

consideradas do mesmo xeito non sempre responden a actitudes de idéntica gravidade, a falta dunha medida intermedia non permite en ocasións ao profesorado dar outra resposta ante determinados actos.

- En relación ao anterior, os partes deberían concretar máis os tipos de medidas correctivas que se poderían impoñer, para evitar medidas xeneralizadas ante condutas diferentes en distintos alumnos/as.
- Dentro deste documento deberíamos incluír, dun xeito ou outro, a implicación que deberían ter as propias familias nas medidas correctivas, pois deste xeito o alumnado vería unha coordinación e unha coherencia entre a familia e o centro escolar, ademais de traballar na casa habilidades, actitudes ou comportamentos que sexan valorados positivamente na escola.

Proxecto Educativo de Centro

Este proxecto debe ser revisado pois, aínda que a lei non cambie na súa esencia, sempre ofrece correccións á norma ou aclaracións á mesma. De este xeito habería que valorar varias cousas entre as que se poden destacar:

- Libros de texto. O préstamo dos mesmos e o feito de que algunhas editoriais comezan a proporcionar o libro virtual, son aspectos a tratar.
- En relación co anterior débese ter en conta a participación do centro no **Proxecto Abalar** ou no **Proxecto Combas** de tal modo que analicemos os obxectivos curriculares e metodolóxicos do mesmo ademais de considerar os métodos avaliativos. Hai que ter en conta cal vai ser o futuro do primeiro plan, sobre todo en relación á continuidade do mesmo, cando dende a administración non se dotou a cursos superiores, como ocorre este ano con 3º de ESO. A implantación de medios tecnolóxicos por parte do centro podería ser posible pouco a pouco pero debe estar regulada dalgún xeito nos documentos do centro.
- En definitiva, o emprego das TICs na aula cada vez é maior e iso implica un cambio nas nosas programacións, así coma nos medios cos que podemos contar para desenvolver as nosas clases. Esta é unha tarefa pendente sobre a que se debe traballar a longo prazo.
- Relacionado co anterior, cabe destacar que dentro deste documento se vaian recollendo os cambios que ao longo dos últimos anos se están a dar en

educación, non tanto polos recursos cos que podemos contar, senón polo tipo de alumnado que varía inevitablemente como todas as xeracións.

A finalidade da renovación do proxecto educativo do centro parte do feito de que este non se pode converter nun documento estático pois o instituto é algo vivo que vai cambiando ano a ano, así que deberíamos reflexionar na filosofía dun proxecto que leva tempo sen renovarse.

Neste sentido debo dicir que o centro cada ano recibe novos recursos e habería que incluír o modo en que se deben tratar no proxecto educativo de centro.

O citado proxecto debe amosar a nova oferta educativa coa que contamos e aquela que se poida demandar por parte do profesorado en concreto, e da comunidade educativa en xeral.

Por outra banda, tamén cabe destacar que as necesidades do noso alumnado van cambiando co tempo, e os propios recursos que podemos ofrecer nós, tamén van sufrindo cambios, por iso debemos de reflectir no documento, os cambios que se poidan dar lugar dados os recursos materiais e humanos cos que contamos.

Incluso, tal como contempla a LOE sería conveniente introducir as medidas de coordinación que se poderían establecer entre os centros de primaria da comarca e o noso IES para estableces unha serie de actuacións o máis similares posibles para facilitar a adaptación do noso alumnado de primaria a secundaria.

Plan de Convivencia

Debemos darlle saída a este plan, pois é un dos máis importantes no centro por todos os motivos relatados anteriormente. Cabe destacar que a convivencia no centro é moi boa, a actitude do alumando é bastante respectuosa.

A renovación ou creación de todos estes plans debe estar suxeita á avaliación, e ano a ano debería valorarse en claustro e consello se se van cumprindo os obxectivos que se toman como punto de partida. E tal e como se comentou antes, non debe depender dunha soa persoa ou órgano do centro, senón que poderíase crear a través dun grupo de traballo, por exemplo, e a partir de aí facer partícipe ao resto dos órganos do centro para que poidan aportar as ideas que lle parezan máis convenientes.

Fomento da formación dentro do centro.

Para darlle resposta ás liñas de actuación que propón na normativa a consellería, o centro en xeral, e a dirección en particular, deben fomentar, promover e colaborar coa formación dentro do propio instituto. De este xeito, o claustro de profesores podería propoñer aqueles cursos nos que se amose máis interese e a dirección continuará colaborando co Cefore correspondente para darlle respostas a esas necesidades, tal e como se leva feito ano tras ano.

Considero moi importante a formación no propio centro entre outros motivos, polos seguintes:

- En primeiro lugar, porque todos os docentes precisamos de formación continua sobre o noso currículo ou ben acerca dos plans que se van implantando nos centros.
- En relación a isto, cabe destacar que neste centro hai toda unha tradición de grupos de traballo ou seminarios para o perfeccionamento dos docentes, polo tanto, esta é unha iniciativa que a dirección debe apoiar sempre.
- Por outra banda, se o claustro de profesores/as elixe por maioría ou unanimidade un curso concreto, a asistencia está garantida e ademais respondería ás necesidades e demandas dos que propoñen o curso, que non sempre obteñen resposta noutros centros de formación.

4. AVALIACIÓN DO PROXECTO DE DIRECCIÓN

O proxecto de dirección é algo que se atopa en continuo desenvolvemento e cambio, por iso debe ser avaliado de xeito periódico. Esta avaliación podería ser realizada anualmente de xeito formal e en cada reunión ou comisión, de xeito directo. É dicir, cada ano, todos os membros da comunidade educativa recibirían un cuestionario para cubrir onde se valorasen segundo o grado de satisfacción ou insatisfacción distintos aspectos tales como:

- Capacidade de xestión.
- Utilidade das medidas levadas a cabo.
- Necesidade urxente daquelas medidas que aínda non comezaron a fomentarse.
- Necesidade de promover outras medidas.
- Clima creado no centro.

Todas estas poden considerarse directrices básicas e bastante xerais, polo tanto o cuestionario elaborado recollería de xeito máis concreto cada unha das medidas propostas, levadas a cabo, en elaboración ou que aínda non se puxeron en funcionamento, e por suposto, recollería todas as opinións que en relación ao proxecto puidesen presentar cada un dos membros da comunidade educativa.

Ademais de esta avaliación sobre o proxecto, habería que incluír se se cumpren todas as funcións que se recollen sobre os directores/as no ROC.

Unha vez recollidos os datos, elaboraríaase un informe no que se reflectisen as diferentes porcentaxes e estes datos poderíanse incluír na memoria anual que se remite a Inspección, polo que este órgano contaría con máis datos para valorar e inspeccionar a labor da dirección dentro do centro.

Por outra banda todas estas opinións poderán ser recollidas en cada reunión, comisión ou xuntanza dos membros da comunidade educativa, coa finalidade de ir mellorando segundo vai avanzando o curso e non só unha vez ao ano.

En relación ao anterior, cabe a posibilidade de elaborar un calendario por trimestre o cuadrimestre onde se poidan establecer con antelación todas as reunións posibles, a fin de lograr unha maior organización, da que carecemos este ano, e para evitar a masificación de reunións en determinados períodos. Dito calendario non impide que no medio desta planificación se poidan introducir outras reunións, ben sexa claustro, CCP, Consello,... que se precisen con motivo de tomar decisións puntuais ou porque xorde un conflito ou situación determinada que requiran o debate.

A modo de conclusión de todo este proxecto, gustaríame precisar que tanto os obxectivos como as medidas aquí desenvolvidas pretenden establecer e analizar as prioridades que ten o centro, algo que queda xa plasmado neste texto. Deste xeito, movémonos dentro do marco lexislativo, pero adaptámolo ao contorno educativo de Fene.

É importante que quede patente que todas as iniciativas, ideas ou propostas non son idea dunha persoa ou dun equipo directivo, senón que ao longo de este curso académico, recollemos todas aquelas ideas ou solicitudes que os nosos/as compañeiros/as nos foron presentando para levalas a cabo nun futuro. Os proxectos sempre manifestan actuacións ambiciosas a longo prazo e somos conscientes de que todo isto implica un traballo que precisa tempo. Mais a idea é a de ir iniciando as diferentes liñas de actuación e que pouco a pouco, co traballo de todos/as vaian tomando forma.

En definitiva, atender a todas as necesidades, na medida do posible, que vaian xurdindo na vida cotiá sempre abertos ao diálogo e a modificación de todo aquilo que o requira e redunde nun beneficio para o centro e para todos os que formamos parte del.